

Modelo MD75PRO01

Programación

Programación 2015-2016

ITINERARIO DE COMPOSICIÓN
Sección bilingüe

Mod
elo.
Prog
rama
ción.
MD.
75.P
RO.
01.
Ver.
01

6º curso de Grao Profesional

Índice

1.	Introdución	3
1.1	Obxectivos das ensinanzas	5
1.1.1	Obxectivos xerais do grao profesional	5
1.2	Obxectivos específicos	6
1.2.1	Grao profesional	6
2.	Metodoloxía	7
3.	Atención á diversidade	9
4.	Temas transversais	9
4.1.	Educación en valores	10
4.2.	Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's)	10
5.	Actividades culturais e de promoción das ensinanzas	11
6.	Secuenciación do curso	11
	Curso: 6º de Grao Profesional	11
6.1.	Obxectivos	11
6.2.	Contidos	11
6.3.	Avaliación	13
6.3.1.	Criterios de avaliación	14
6.3.2.	Mínimos esixibles	18
6.3.3.	Procedementos e ferramentas de avaliación	18
6.3.4.	Criterios de cualificación	19
6.3.5.	Criterios para a concesión de ampliación de matrícula	20
6.4.	Medidas de recuperación	20
6.4.1.	Procedementos de recuperación ordinarios	20
6.4.2.	Probas extraordinarias de setembro	20
6.5.	Recursos didácticos	21
7.	Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica	23
8.	Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento	23
	ANEXOS	24

1. Introducción

Os coñecementos adquiridos previamente polo alumnado permitiralle desenvolver durante este derradeiro curso determinadas destrezas de escritura, así como afondar no coñecemento dos principais elementos e procedementos da linguaxe musical e a súa relación coas técnicas compositivas, co fin de se iniciar no estudo da composición e de avanzar nunha comprensión das obras musicais que posibilite a súa interpretación adecuada.

O itinerario de composición abrangue un único curso, cuns contidos centrados no estudo do sistema tonal, e deseñouse fundamentalmente para o alumnado que desexe orientarse cara á composición, á dirección, á musicoloxía, á pedagogía, etc., para quen é imprescindible unha sólida formación de escritura previa aos estudos do grao superior, sen que iso exclúa que a poida cursar o alumnado que desexe orientarse á interpretación.

En relación aos contidos de escritura, recóllese a práctica do contrapunto simple ou de especies, ximnasia mental que desenvolve a capacidade para elaborar e superpor liñas melódicas equilibradas e interesantes, e permite abordar a realización de obras máis relacionadas coa realidade musical. En particular, o exercicio desta técnica será de grande utilidade para coñecer con maior profundidade o coral dentro do estilo de J. S. Bach.

O estudo das técnicas do contrapunto imitativo e as súas transformacións temáticas subministrará unha sólida base para abordar, cara ao final do curso, o estudo do canon, obxectivo adecuado por supor un perfecto equilibrio entre o horizontal e o vertical, e polo que entraña de dominio das proporcións formais e das posibilidades de desenvolvemento temático.

Paralelamente á escritura contrapuntística, a creación de pequenas pezas libres a través do emprego de sinxelas combinacións de melodía acompañada e formas musicais a pequena escala representa un novo estímulo que pretende espertar o interese pola composición. Este itinerario pode ser unha base determinante da elección futura da rama creativa no grao superior.

Así mesmo, o coñecemento básico dos instrumentos e das súas posibilidades técnicas e interpretativas permite adquirir unha serie de recursos que posibilitan unha maior aproximación ao estudo integral das obras, e ademais amplía as posibilidades creativas.

Xunto coa escritura e o coñecemento dos instrumentos, a análise constitúe unha parte imprescindible da disciplina, ao ocuparse da habilidade puramente técnica que permite recoñecer e estudar os contidos do curso e deixar outras habilidades de índole especulativa

relacionadas co histórico, o estético, o humanístico, o psicolóxico ou o xenuinamente perceptivo, cuxo coñecemento é imprescindible para a comprensión do feito musical como fenómeno cultural e psicolóxico, e que se tratan nas materias de análise e de historia. Ademais, a análise proporcióalle ao alumnado unha serie de ferramentas metodolóxicas que permite avanzar na comprensión das obras musicais, a partir de todos os puntos de vista que poidan ser relevantes para conseguir a devandita finalidade.

Por outra parte, os procedementos diríxense non só á asimilación teórico-práctica dunha serie de coñecementos técnicos ou estilísticos, senón que pretenden dar un paso cara adiante ao incluír prácticas de identificación auditiva dos elementos e dos procedementos estudados, así como unha práctica instrumental básica destes que conduza á súa interiorización.

En calquera caso, o aspecto cuantitativo do ensino debe ser dosificado de forma tal que permita a práctica da composición libre, pois a súa presenza neste nivel dos estudos é fundamental para o desenvolvemento da espontaneidade creativa.

A presente programación está xustificada dentro da ORDE do 14 de xullo de 2014 da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, pola que se autoriza a posta en marcha, con carácter experimental, de seccións bilingües de lingua inglesa en conservatorios profesionais de música de Galicia a partires do curso 2014/2015 e pola resolución de 4 de xullo de 2016 (DOG 19 de xullo de 2016), na que se prorrogan por un período de dous anos as seccións bilingües dos conservatorios coa finalidade de favorecer a práctica do inglés entre os alumnos dos devanditos centros.

A proxección internacional formativa e profesional que ten cabida neste tipo de ensinanzas xustifica a impartición de materia(s) en lingua(s) estranxeira(s) que faciliten ao alumnado dos conservatorios a posterior integración en centros de estudos e de traballo estranxeiros.

Esta iniciativa responde á necesidade, subliñada polas distintas directivas europeas, de promover unha mellora cualitativa do coñecemento das linguas da Unión Europea. O seu obxectivo é conseguir que os cidadáns da Unión coñezan varios idiomas comunitarios e desenvolvan as competencias en materia de comunicación e garantir a difusión das linguas e da súa cultura. A lingua estranxeira será un vehículo para o ensino de determinadas áreas non lingüísticas, fomentando así, non só a aprendizaxe do idioma senón "aprender no idioma" favorecendo o uso comunicativo deste.

Pretendemos desde a nosa contorna xeográfica impulsar e mellorar a formación do noso alumnado no coñecemento do inglés dentro do espazo lingüístico europeo como

1.1 Obxectivos das ensinanzas

1.1.1 Obxectivos xerais do grao profesional

As ensinanzas profesionais de música teñen como obxectivo contribuír a desenvolver no alumnado as capacidades xerais e os valores cívicos propios do sistema educativo e, ademais, as capacidades seguintes:

- a) Habitarse a escoitar música e establecer un concepto estético que permita fundamentar e desenvolver os propios criterios interpretativos.
- b) Desenvolver a sensibilidade artística e o criterio estético como fonte de formación e enriquecemento persoal.
- c) Analizar e valorar a calidade da música.
- d) Coñecer os valores da música e optar polos aspectos xurdidos dela máis axeitados para o desenvolvemento persoal.
- e) Participar en actividades de animación musical e cultural que permitan vivir a experiencia de transmitir o gozo da música.
- f) Coñecer e empregar con precisión o vocabulario específico relativo aos conceptos científicos da música.
- g) Coñecer e valorar o patrimonio musical como parte integrante do patrimonio histórico e cultural.
- h) Tomar conciencia da importancia dunha escoita activa como base imprescindible na formación de futuros profesionais.
- i) Fomentar a utilización do patrimonio musical en xeral, e a do galego en particular, como medio indispensable no enriquecemento da persoa e da súa formación musical.

2. Nas ensinanzas profesionais de música teranse en conta as especificacións que se establecen na Lei galega 7/2004, do 16 de xullo, para a igualdade de mulleres e homes, e especialmente no seu artigo 9.1º, así como as prescricións do artigo 24 da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes como garantía dunha educación acorde co principio de igualdade.

1.2 Obxectivos específicos

1.2.1 Grao profesional

As ensinanzas profesionais de música deberán contribuír a que o alumnado adquira as capacidades seguintes:

- a) Superar con dominio e capacidade crítica os contidos e os obxectivos formulados nas materias que compoñen o currículo da especialidade elixida.
- b) Coñecer os elementos básicos das linguaxes musicais, as súas características, as funcións e as transformacións nos contextos históricos.
- c) Utilizar o oído interno como base da afinación, da audición harmónica e da interpretación musical.
- d) Formar unha imaxe axustada das posibilidades e das características musicais de cada un, tanto a nivel individual como en relación co grupo, coa disposición necesaria para saber integrarse como un membro máis del ou para actuar como responsable do conxunto.
- e) Compartir vivencias musicais de grupo na aula e fóra dela que permitan enriquecer a relación afectiva coa música, a través do canto e da participación instrumental en grupo.
- f) Valorar o corpo e a mente para utilizar con seguridade a técnica e poder concentrarse na audición e na interpretación.

- g) Relacionar e aplicar os coñecementos adquiridos en todas as materias que compoñen o currículo, nas vivencias e nas experiencias propias para acadar unha interpretación artística de calidade.
- h) Coñecer e aplicar as técnicas do instrumento ou da voz de acordo coas exigencias das obras.
- i) Adquirir e demostrar os reflexos necesarios para resolver eventualidades que xurdan na interpretación.
- j) Cultivar a improvisación e a transposición como elementos inherentes á creatividade musical.
- k) Interpretar individualmente ou dentro da agrupación correspondente obras escritas en todas as linguaxes musicais, afondando no coñecemento dos estilos e das épocas, así como nos recursos interpretativos de cada un destes.
- l) Actuar en público con autocontrol, dominio da memoria e capacidade comunicativa.

2. Metodoloxía

Os principios metodolóxicos que se recollen con carácter xeral nesta programación, serán aplicados en función de diversas variables como son: os obxectivos e contidos didácticos abordados en cada unidade, o tipo de actividade didáctica que se propicia, o tipo de alumno co que se aplicarán, adaptándose sempre ás súas necesidades específicas, etc. A continuación coméntanse brevemente os principios metodolóxicos máis relevantes que se terán en conta no desenvolvemento da actividade docente. No momento de aplicar estas liñas metodolóxicas, teranse en conta os criterios para a atención á diversidade, xa que cada alumno vai necesitar unha orientación adecuada ás súas características.

Os/As alumnos/as que cursen os seus estudos na sección bilingüe de lingua inglesa no Conservatorio Profesional de Música De Santiago, incorporarán aos obxectivos xerais de grao elemental e profesional e ós específicos de cada curso de grao elemental e profesional, os seguintes obxectivos específicos de sección bilingüe de lingua inglesa:

1. Afacer aos alumnos a expresarse de modo natural na lingua inglesa mediante o seu uso cotián na aula.
2. Aprender e utilizar léxico específico musical relacionado coa práctica e teoría musical.
3. Coñecer aspectos básicos da Harmonía e as Novas Tecnoloxías en lingua inglesa.
4. Mellorar a capacidade comunicativa en inglés, especialmente a produción oral, pronunciación e entoación.
5. Facilitar o acceso aos programas educativos europeos, como o Programa Erasmus.
6. Ampliar coñecementos sobre os aspectos socioculturais dos países de fala inglesa.
7. Desenvolar o sentimento de cidadanía europea.
8. Adquirir un maior dominio da lingua inglesa a través da aprendizaxe de outra materia.
9. Mellorar o coñecemento e o dominio da propia lingua materna a través da aprendizaxe da lingua estranxeira.
10. Realizar traballos e proxectos multidisciplinares.
11. Favorecer o uso da lingua inglesa dentro da comunidade educativa.
12. Fomentar a diversidade cultural.
13. Utilizar recursos TIC para a práctica da lingua inglesa.

Terase en conta a metodoloxía xeral exposta na programación xenérica de Novas Tecnoloxías, coa adición da seguinte específica en relación ao carácter bilingüe das clases teóricas:

A metodoloxía estará baseada na comunicación, na interacción e en priorizar os aspectos orais da lingua inglesa. Fomentaranse proxectos e unidades didácticas que sexan de interese para o alumno e ao mesmo tempo estén relacionados coa aprendizaxe das novas tecnoloxías.

Empregaranse ordes e instrucións sinxelas directamente en lingua inglesa, apoiadas coa linguaxe xestual a modo de reforzo. Ó mesmo tempo se fará uso de expresións coloquiais, frases feitas e demais construcións de uso frecuente na comunicación oral en inglés. Tamén se facilitará a tradución do vocabulario especializado que os alumnos non comprendan

Potenciarase o traballo cooperativo que favoreza a interacción entre alumno- profesor e empregaranse expresións e vocabulario relacionados coa unidade didáctica que se imparta en cada momento .

Fomentaranse no alumnado o uso espontáneo da lingua estranxeira na comunicación oral, tanto na súa relación co profesor como cos compañeiros. Para conseguilo farase uso de

estratexias participativas nas que se valorará inicialmente a intervención do alumnado facendo uso do inglés e pouco a pouco centrándose no emprego de vocabulario específico, propio da materia.

O profesor/a será o de guía e organizador/a do proceso comunicativo. Elaborará actividades de reforzo e de ampliación para atender á diversidade do alumnado e fomentará a organización de traballos multidisciplinares.

Para evitar intimidar ao alumno con dificultades de comprensión, empregarase o inglés progresivamente, extendéndoo ao máximo en base ao ritmo que o alumno/a permita. Cando sexa necesario recorrerase á lingua materna, podéndose repetir as instrucións didácticas e explicacións en galego ou castelán dependendo das necesidades do momento. O obxectivo é que ao finalizar o curso a comunicación alumno / profesor se poida desenvolver con certa fluidez en inglés.

O profesorado preparará e entregará aos alumnos material en inglés coa finalidade de conseguir os obxectivos propostos na materia, recorrendo ao material dispoñible no centro (textos, manuais, mapas, xogos, posters, material audiovisual, etc) xunto con todo o material que se atopa en internet.

Fomentarase a utilización de páxinas web que determine cada profesor/a aos seus alumnos/as.

3. Atención á diversidade

Non se contempla medida algunha deste tipo xa que o alumnado que cursa esta materia non presenta ningunha necesidade especial en relación coa diversidade.

4. Temas transversais

Todos os temas transversais, e especialmente os de Educación para a igualdade de oportunidades de ambos sexos, a Educación moral e cívica e a educación para a saúde (sobre todo en torno á contaminación acústica) estarán presentes ao longo do curso en todas as unidades didácticas .

4.1. Educación en valores

CMUS Profesional de Santiago
Rúa Monte dos Postes s/n Santiago de Compostela
CP 15703 Coruña (A)
Tfno. 981519845, Fax 981519845
cmus.santiago@edu.xunta.es

A través da educación transmítense os valores, grazas aos cales é posible vivir en sociedade e participar na vida democrática da mesma. A sociedade reclama da educación a preparación en hábitos de convivencia e respecto mutuo que fan posible que os nenos e nenas, así como aos mozos de ambos sexos conformen a súa propia identidade, o que lles permita construír a súa relación co medio.

A música é sen dúbida un bo instrumento educativo para alcanzar estas metas. E o é porque a música é a plasmación sonora dos desexos, as opinións. É a traslación ao sentido, ao vivido, a aquilo que queremos expresar. É a creatividade en grado máximo. É, sen dúbida, o desenvolvemento da linguaxe e da imaxinación. É sensibilidade.

A música é arte. Unha arte pensada para ser non só escrito senón escoitado.

Os rapaces e rapazas sensibilizados coa música canalizan moitas veces as emocións a través da linguaxe sonora que lles axuda a entender o mundo e as relacións cos demais.

A educación, neste sentido, ten o deber de non só de ensinar senón de producir aprendizaxe.

As composicións musicais de todas as épocas suxiren e comunican valores, desexos, emocións, beleza, preocupacións. A Historia da música é una ferramenta fundamental para a educación en valores incidindo na educación, nas relacións escolares, no papel do profesor e dos alumnos no contexto educativo, nos métodos e estilos de aprendizaxe, etc.

4.2. Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC 's)

As tíc's estarán presentes coa participación do alumnado nas actividades promovidas na Aula Virtual do Conservatorio así como a utilización de Internet para a escoita diaria na aula de obras dos principais compositores da Historia da Música.

5. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas

CMUS Profesional de Santiago
Rúa Monte dos Postes s/n Santiago de Compostela
CP 15703 Coruña (A)
Tfno. 981519845, Fax 981519845
cmus.santiago@edu.xunta.es

Asistencia a concertos e actividades desenvolvidas no conservatorio xa sexan no centro ou fora del.

6. Secuenciación do curso

Curso: 6º de Grao Profesional

6.1. Obxectivos

Os obxectivos determinados no currículo da especialidade para os estudos de Fundamentos de composición son:

1. Coñecer os principais elementos e procedementos compositivos das distintas épocas e autores, desde o canto gregoriano ata a actualidade.
2. Utilizar os principais elementos e procedementos compositivos das épocas barroca, clásica e romántica.
3. Realizar pequenas obras libres co fin de estimular o desenvolvemento da espontaneidade creativa.
4. escoitar internamente os elementos e procedementos estudados, tanto na análise de obras como na realización dos exercicios escritos.
5. Analizar obras desde diferentes puntos de vista que permitan avanzar na súa comprensión.
6. Coñecer a interrelación dos procedementos compositivos das distintas épocas coas estruturas formais que deles se derivan.
7. Identificar a través da audición os procedementos apresos.
8. Tocar nun instrumento polifónico a forma esquemática dos procedementos compositivos básicos estudados.

6.2. Contidos

Os contidos dos estudos de Fundamentos de composición diferéncianse basicamente en dous apartados:

CMUS Profesional de Santiago
Rúa Monte dos Postes s/n Santiago de Compostela
CP 15703 Coruña (A)
Tfno. 981519845, Fax 981519845
cmus.santiago@edu.xunta.es

- Análise
- Escritura

Os contemplados no currículo son;

Continuación do estudo e a práctica dos procedementos compositivos do sistema tonal.

Práctica do contrapunto simple ou de especies a dúas, tres, e catro voces en combinacións clásicas.

Práctica do coral a capella no estudio de J. S. Bach.

- Práctica do canon
- Práctica da imitación
- Práctica da forma libre: A Invención.
- Realización de traballos e composición de pequenas obras instrumentais nos estilos barroco, clásico e romántico.
- Realización de pequenas obras libres.
- Estudo analítico dos distintos elementos que configuran a linguaxe musical, a partir da análise de obras de distintos autores desde o canto Gregoriano ata a actualidade, e desde distintos puntos de vista analíticos.
- Práctica auditiva e instrumental dos elementos aprendidos que conduzan a súa interiorización.

Primeira Avaliación

U.D. Nº 1 Práctica do Contrapunto no Barroco.

U. D. Nº 2 Práctica da Harmonía do Círculo de Quintas no Barroco. O seu tratamento.

U. D. Nº 3 Análise de obras de Bach, Marcello, Pergolesi, Loeillet, Vivaldi, etc.

U. D. Nº 4 Realización de traballos de composición para voz con acompañamento, xa sexa con teclado ou orquestrado, en estilo Barroco-Clásico.

Segunda Avaliación

CMUS Profesional de Santiago
Rúa Monte dos Postes s/n Santiago de Compostela
CP 15703 Coruña (A)
Tfno. 981519845, Fax 981519845
cmus.santiago@edu.xunta.es

U. D. Nº 5 Práctica do Contrapunto e Harmonía no Clasicismo.

U. D. Nº 6 Práctica da Forma no período Clásico.

U. D. Nº 7 Realización de traballos de composición de obras a solo o instrumentais en estilo Clásico-Romántico

U. D. Nº 8 Práctica e iniciación á orquestración.

Terceira Avaliación

U.D.Nº 9. Orquestración

U.D.Nº 10 Práctica da harmonía cromática ó longo do século XIX.

U.D.Nº 11 Estudio analítico dos distintos elementos que configuran a linguaxe musical, a partir da análise de obras de distintos autores desde o canto Gregoriano ata a actualidade, e desde distintos puntos de vista analíticos.

U.D.Nº 12 Realización dun traballo de linguaxe romántico.

6.3. Avaliación

O Currículo de Profesional recolle os Criterios de Avaliación xunto a unha breve descrición dos mesmos, que non se reproducen aquí por falta de espazo, aínda que se relacionan no párrafo que vén a continuación. A definición duns criterios de avaliación responde á necesidade de describir aquilo do que debe ser capaz o alumno para demostrar que logrou un obxectivo. A continuación procedeuse a relacionar devanditos criterios xerais cos contidos, o que nos ofrece a oportunidade de concretar devanditos criterios en factores ou criterios de avaliación máis precisos e específicos para o nivel no que se sitúa a programación. Deste xeito teremos máis elementos de xuízo á hora de avaliar. Terá unha función orientadora e formativa (contribúe a mellorar os procesos de ensino e aprendizaxe). Haberá de ser motivadora, reflexiva, e analítica (autoavaliación) e non cualificadora ou punitiva. Deberá referirse aos procesos (avaliación continua) a través de uns indicadores preestablecidos, e non só aos resultados (avaliación final ou sumativa). Farase uso de

diversos medios de avaliación como a autoavaliación, a coavaliación e a heteroavaliación.

CMUS Profesional de Santiago
Rúa Monte dos Postes s/n Santiago de Compostela
CP 15703 Coruña (A)
Tfno. 981519845, Fax 981519845
cmus.santiago@edu.xunta.es

Segundo a normativa que rixe as Seccións Bilingües, a cualificación que o alumno obterá da materia de Harmonía e Novas Tecnoloxías, non se verá influída (alomenos de maneira negativa) por motivos lingüísticos, posto que o obxectivo último é aprender os contidos da materia en sí.

Por este motivo, os criterios de avaliación, promoción do alumnado e mínimos esixibles da sección bilingüe axustarase aos procedementos establecidos na programación didáctica xeral de Harmonía e Novas Tecnoloxías.

Ademáis, seguiranse as seguintes recomendacións metodolóxicas para o profesorado CLIL (Content and Language Integrated Learning) proporcionadas pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para a avaliación das áreas non lingüísticas:

A interiorización de contidos non lingüísticos primará sobre os contidos lingüísticos.

A competencia lingüística no idioma estranxeiro é un valor engadido que debe ser recompensado.

A falta de fluidez na lingua inglesa non debe penalizarse. Os erros lingüísticos forman parte natural do proceso.

Realizarase unha avaliación continuada tendo en conta os seguintes criterios.

6.3.1. Criterios de avaliación

Deben garantir unha avaliación sistemática (organizada conforme a un plan preconcebido e integral) e obxectiva (baseada na harmonía entre os resultados conseguidos e os obxectivos propostos). Resumindo, podemos dicir que os criterios de avaliación que se seguirán neste curso divídense en:

1.- Escritura musical. Sobre baixo ou tiple ou dun esquema harmónico (dado ou propio). Contrapunto rigoroso, invertible e imitativo Estudio das técnicas de imitación

transformativa. Harmonización de corais a capella en o estilo de J.S.Bach. Realización de motetes en estilo renacentista. Composición de pequenas obras en distintos estilos e obras libre.

CMUS Profesional de Santiago
Av. Marqués de Pombal, Santiago de Compostela
CP 15703 Coruña (A)
Tfno. 981519845, Fax 981519845
cmus.santiago@edu.xunta.es

2.- Identificación auditiva dos elementos da forma a pequena e gran escala. Identificación de erros.

3.- Identificación analítica de elementos morfolóxicos e sintácticos e a forma a pequena e gran escala. Identificación de erros.

A súa relación detallada sería a seguinte:

DECRETO 203/2007 27 setembro

Realizar exercicios a partir de baixos e tiple dados.

Con este criterio preténdese comprobar que o alumno é capaz de: Encadear adecuadamente os acordes, dominar a mecánica de organización harmónica, aplicar adecuadamente unha realización coidada desde o punto de vista musical.

Compoñer exercicios breves, a partir dun esquema harmónico dado ou propio.

Con este criterio preténdese comprobar que o alumno é capaz de: Crear no seu integridade pequenas pezas musicais a partir de indicacións harmónicas esquemáticas, comprender os diversos procedementos de funcionalidade harmónica en base aos cales desenvolver formulacións individuais, lograr habilidade para conseguir unha realización lóxica, coidada e interesante, prestando especial atención ás voces extremas.

Realizar exercicios de contrapunto rigoroso a 2, 3 e 4 voces nas combinacións clásicas.

Con este criterio preténdese comprobar que o alumno é capaz de utilizar os coñecementos adquiridos realizando melodías interesantes seguindo a práctica renacentista.

Harmonizar corais a capella no estilo de J.S.Bach.

Con este criterio preténdese comprobar que o alumno é capaz de realizar harmonizacións de melodías a catro voces utilizando os coñecementos adquiridos cunha harmonización equilibrada.

Realizar exercicios de contrapunto invertible a distintos intervalos. Con este criterio preténdese comprobar que o alumno é capaz de realizar melodías utilizando a

técnica do contrapunto invertible.

Realizar cánons por movemento directo a 2 voces a todas as distancias interválicas e a 3 e 4 voces con e sen cantus firmus

CMUS Profesional de Santiago
C/15 de Morrazo, 15705 Compostela
CP 15705 Compostela (A)
Tfno. 981519845, Fax 981519845
cmus.santiago@edu.xunta.es

Con este criterio preténdese comprobar que o alumno é capaz de dominar a técnica de escritura canónica.

Realizar cánons utilizando técnicas de imitación transformativa: movemento contrario, retrógrado, aumentación e diminución.

Con este criterio preténdese comprobar que o alumno é capaz de dominar a escritura canónica na súa forma mais complexa orixinando unha forma global coherente e proporcionada.

Realizar invencións dentro do estilo de J. S. Bach.

Con este criterio preténdese comprobar que o alumno é capaz de dominar a escritura instrumental en pequenas obras de forma esquemática obtendo o máximo aproveitamento das posibilidades de desenvolvemento dun único motivo xerador.

Realizar traballos e compoñer pequenas obras instrumentais (ou fragmentos) nos estilos barroco, clásico e romántico.

Con este criterio preténdese comprobar que o alumno é capaz de compoñer pequenas obras e comprender os mecanismos de escritura destas épocas.

Compoñer pequenas obras libres.

Con este criterio preténdese comprobar que o alumno é capaz de desenvolver a súa espontaneidade creativa e ir resolvendo os problemas que se vaian suscitando na súa realización.

Identificar mediante a análise de obras os principais elementos e procedementos das distintas épocas da linguaxe musical occidental.

Con este criterio preténdese comprobar que o alumno é capaz de recoñecer os distintos elementos estudados e comprender desde o punto de vista do estilo considerado sincrónica e diacrónicamente.

Identificar mediante a análise de obras das distintas épocas da música occidental os elementos e procedementos que configuran a forma a pequena escala.

Con este criterio preténdese comprobar que o alumno é capaz de recoñecer os procedementos sintácticos así como a súa capacidade para valorar o papel funcional de devanditos procedementos.

Identificar mediante a análise de obras das distintas épocas da música

occidental os elementos e procedementos que configuran a forma a pequena escala.

CMUS Profesional de Santiago
Rúa Monte dos Postes s/n Santiago de Compostela
CP 15703 Coruña (A)
Tfno. 981519845, Fax 981519845
cmus.santiago@edu.xunta.es

Con este criterio preténdese comprobar que o alumno é capaz de reconecer os criterios seguidos polo autor na elaboración global da obra.

Identificar auditivamente os elementos e procedementos que configuran a forma a pequena escala.

Con este criterio preténdese comprobar que o alumno é capaz de progresar na súa capacidade auditiva.

Identificar auditivamente os elementos e procedementos que configuran a forma a gran escala.

Con este criterio preténdese comprobar que o alumno é capaz de progresar no recoñecemento dos criterios seguidos polo autor na elaboración global da obra.

Improvisar en un instrumento polifónico, a partir de esquemas propostos, fragmentos baseados en os procedementos das distintas épocas e estilos.

Con este criterio preténdese comprobar que o alumno é capaz de improvisar os procedementos estudados, así como o seu grado de inteorización.

Improvisar en un instrumento polifónico, a partir de esquemas propostos, fragmentos baseados nos procedementos das distintas épocas e estilos que inclúan en a súa realización

Con este criterio preténdese comprobar que o alumno é capaz de improvisar os procedementos estudados, así como o seu grado de inteorización.

Tocar nun instrumento polifónico os traballos realizados.

Con este criterio preténdese comprobar que o alumno é capaz de utilizar como apoio un instrumento polifónico durante os seus estudos.

Identificar auditivamente diversos erros en exercicios preparados con esta finalidade e propoñer solucións.

Con este criterio preténdese comprobar que o alumno é capaz de detectar mediante a audición os posibles defectos de realización ou de estilo que poidan aparecer nun fragmento de música, así como a súa capacidade para propoñer alternativas adecuadas.

Identificar mediante a análises diversas erros en exercicios preparados con esta finalidade e propoñer solucións.

Con este criterio preténdese comprobar que o alumno é capaz de detectar mediante a análise os posibles defectos de realización ou de estilo que poidan aparecer nun

fragmento de música, así como a súa capacidade para propoñer alternativas adecuadas.

CMUS Profesional de Santiago
Rúa Monte dos Postes s/n Santiago de Compostela
CP 15703 Coruña (A)
Tfno. 981519845, Fax 981519845
cmus.santiago@edu.xunta.es

6.3.2. Mínimos esixibles

Para que un alumno poida promocionar, a nota final debe ser igual ou superior a 5. En caso contrario deberá realizar unha proba escrita similar á detallada máis arriba para cada avaliación.

13. Os mínimos esixibles na parte de análise coincide coa materia de análise.
14. Respecto de a parte escrita deberá conseguir un mínimo de coñecementos e destrezas que se poden resumir como seguen: Teoría. Coñecemento teórico de todos os elementos melódicos, harmónicos, formais a pequena e gran escala que forman parte dos contidos dese curso e capacidade de empregalos nos seus exercicios escritos cun mínimo de erros. Audición. Capacidade de recoñecer os distintos elementos estudados nese curso. Composición ao Piano e improvisación. Unha mínima capacidade de realización ao piano. Análise. Ser capaz de comprender os recursos harmónicos, temáticos, instrumentais, etc., mediante os que se estrutura unha obra musical do período barroco, clásico e romántico.

6.3.3. Procedementos e ferramentas de avaliación

Os instrumentos a empregar para avaliar vanse a programar para cada trimestre cursado, consistindo en varios tipos de probas: Observación continua: Corrección en clase, anotacións en o caderno de clase e a verbalización. Esta última permite saber o que os alumnos pensan e saben a través das súas preguntas e intervencións en clase, de postas en común e debates ou entrevistas persoais. A nota media final de clase acharase realizando a media das notas tomadas polo profesor durante as clases, seguindo o seguinte baremo:

En tres casos o alumno deberá realizar unha proba escrita: o caso de que a nota media do alumno nunha avaliación sexa inferior a un 5; no caso de que o profesor considéreo necesario para coñecer con detalle o nivel de cumprimento dos obxectivos por parte dese alumno, debido ás faltas de asistencia do mesmo; no caso de que

o alumno pense que a nota media de clase é inferior á que merecería e desexa melloralala (neste caso o exame pode demostrar así mesmo que este é menor, e polo tanto baixar a nota). Realización: Para esta proba reservárase un día lectivo (normalmente o día de clase anterior á avaliación), no horario normal de clase (se fóra necesario ampliaríase este tempo). Estas probas estarán integradas con normalidade dentro da actividade educativa e poderán ser abertas ou pechadas (tipo test). Contidos: Poderán incluír distintos tipos de probas relacionadas cos principais criterios de avaliación:

- realización dun traballo escrito seguindo as pautas indicadas no enunciado;
- realización dunha proba de carácter auditivo adecuada ao nivel dos contidos;
 - interpretación ao piano de traballo harmónico de nivel adecuado aos contidos en varias tonalidades;
 - Análise dunha obra ou fragmento musical.

6.3.4.Criterios de cualificación

Se o alumno debe realizar a proba a final de curso, (para iso realizárase, como xa quedo indicado anteriormente, aos alumnos cuxa nota da terceira avaliación non supere o 5) esta puntuarase respecto de os seguintes criterios:

Harmonización dun coral no estilo de J.S.Bach. Un exercicio de composición dos realizados no curso sobre un tema proposto. Identificación auditiva: audicións de pequenos fragmentos ou obras, interpretación ao piano e improvisación: Para rematar debe ser capaz de utilizar os seus coñecementos, sobre un instrumento polifónico, neste caso o piano. Tratarase de ler os traballos que escriba e de improvisar utilizando os elementos apresos. Tamén se poderán propoñer exercicios de improvisación. Valorarase a rapidez e corrección na súa realización, valorándose cunha nota de 0 a 10.

Os resultados desas probas sumarase para obter a nota do exame seguindo este baremo:

- escritura musical 70%
- Identificación auditiva 30%

O resultado fará media coa nota obtida no apartado da parte de análise..

6.3.5. Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

CMUS Profesional de Santiago
Rúa Monte dos Postes s/n Santiago de Compostela
CP 15703 Coruña (A)
Tfno. 981519845, Fax 981519845
cmus.santiago@edu.xunta.es

O Alumnado que desexe ampliar matrícula no curso 2015-2016 realizará unha proba extraordinaria de coñecementos no mes de xaneiro de 2016. Dita proba consistirá na composición dunha obra.

As ampliacións de matrícula serán propostas como norma xeral por iniciativa do titor, unha vez consultado todo o profesorado que teña docencia co alumno/a, e estará reservada, por unha parte, para aqueles casos en que se considere que a permanencia no curso e que está matriculado/a pode representar un conflito no desenvolvemento da aprendizaxe e por outra, terá que preverse que a ampliación non suporá un problema no desenvolvemento normal do curso ao que accede.

Para a súa tramitación, será o titor o que o comunique a xefatura de estudos, e a avaliación realizarase nos prazos acordados en CCP de comezo de curso.

E preciso ter superado todas as materias para proceder a ampliación de matrícula.

A programación que se esixirá será a que se expón para o curso no que esté matriculado inicialmente.

6.4. Medidas de recuperación

Contemplase a recuperación tanto no desenvolvemento do curso como no mes de setembro se non se tivo superada a materia no mes de xuño.

6.4.1. Procedementos de recuperación ordinarios

Na proba da segunda avaliación incluíranse aspectos da primeira, e na proba da terceira avaliación incluíranse aspectos da primeira e segunda avaliación para que poidan recuperalas aqueles que non a teñan superado ao longo do curso. Ademais o profesor pedirá **elaboración de composición** relacionados cos contidos da materia, que serán presentados antes de cada avaliación coas condicións que o profesor estableza.

6.4.2. Probas extraordinarias de setembro

Se un alumno non supera o curso na convocatoria de xuño terá que facer a proba extraordinaria de setembro, proba que terá os seguintes apartados:

CMUS Profesional de Santiago
Rúa Monte dos Postes s/n Santiago de Compostela
CP 15703 Coruña (A)
Tfno. 981519845, Fax 981519845
cmus.santiago@edu.xunta.es

Análise dunha partitura: Recoñecemento dos recursos harmónicos, temáticos, instrumentais, etc., mediante os que se estrutura unha obra musical do período barroco, clásico e romántico.

Exercicio práctico. Contén os seguintes aspectos:

- a) Harmonización dun coral no estilo de J.S.Bach.
- b) Un exercicio de composición dos realizados no curso sobre un tema proposto.
- c) Identificación auditiva: audicións de pequenos fragmentos ou obras,
- d) interpretación ao piano e improvisación: Para rematar debe ser capaz de utilizar os seus coñecementos, sobre un instrumento polifónico, neste caso o piano. Tratarase de ler os traballos que escriba e de improvisar utilizando os elementos apresos.
- e) Tamén se poderán propoñer exercicios de improvisación. Valorarase a rapidez e corrección na súa realización

Os resultados deste exercicio práctico, cualificados de 0 a 10 puntos, sumaranse para obter a cualificación seguindo este baremo:

-escritura musical 60%

-Identificación auditiva 20%

-Interpretación ao piano e improvisación 20%

O resultado fará media coa nota obtida no apartado da parte de análise.

6.5. Recursos didácticos

- Recursos bibliográficos, ferramentas de procura e consulta, e das fontes musicais que forman, en última instancia, os materiais da historia da composición.

- Fontes manuscritas, xa que a práctica totalidade das obras musicais – coa excepción, quizá, das compostas nos últimos anos– existiron no seu primeiro momento como manuscritos.
- Fontes impresas, dado que o avance nas técnicas de impresión permitiu que a música alcanzase, a través da imprenta, cotas de difusión que só internet logrou superar en tempos recentes.
- Fontes iconográficas, que conteñen unha información vital para o intérprete, silenciada noutro tipo de fontes.
- Fontes sonoras.
- Explicacións diarias na aula
- Materiais a disposición do alumnado no Curso de Historia da Música da AULA VIRTUAL do Conservatorio.

7. Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica

CMUS Profesional de Santiago
Rúa Monte dos Postes s/n Santiago de Compostela
CP 15703 Coruña (A)
Tfno. 981519845, Fax 981519845
cmus.santiago@edu.xunta.es

Utilizarase o protocolo, xa empregado no pasado curso, que se presenta como ANEXO I a esta programación.

8. Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento

Utilizarase o protocolo que será debatido e aprobado en reunión de Departamento antes da realización das probas da primeira avaliación.

ANEXOS

CMUS Profesional de Santiago
Rúa Monte dos Postes s/n Santiago de Compostela
CP 15703 Coruña (A)
Tfno. 981519845, Fax 981519845
cmus.santiago@edu.xunta.es

- Probas de acceso 1º de grao profesional
 - Non se contempla nesta materia
- [Probas de acceso a outros cursos.](#)

O alumnado que desexe participar nas probas que anualmente se convocan para acceder aos diversos cursos do grao profesional deberán demostrar o seu dominio da materia de Composición.

Para o acceso ao 6º Curso de Grao Profesional a proba consistirá en un cuestionario cun mínimo de 50 preguntas pechadas e dúas audicións presentadas polo profesor. As preguntas versarán sobre o currículo das materias correspondentes ao 4º e 5º curso de Grao Profesional.

Para o acceso a 5º e 6º curso de Grao Profesional contéplanse os mesmos contidos e criterios de avaliación expresados nesta programación.

- Criterios para a obtención dos premios fin de grao.
Non se contempla nesta materia